



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 9 de marzo de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

#### **9.- PROPOSTA DE REVOGACIÓN DE AXUDA CONCEDIDA Á EMPRESA EIMSKIP LOGISTICS SPAIN SL AO ABEIRO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA. EXPTE. 13823/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/02/18, dáse conta do informe-proposta do 10/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego e polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11.10.2017, acordou ou outorgamento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2017 (Expte. 13823/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

| EXPTE.   | SOLICITANTE                 | CIF       | PROGRAMA SOLICITADO | SUBVENCIÓN A CONCEDER |
|----------|-----------------------------|-----------|---------------------|-----------------------|
| 14164/77 | EIMSKIP LOGISTICS SPAIN, SL | B36959807 | Indefinidos         | 2.500,00 €            |

De conformidade coa base 4.1 Instrución e tramitación das axudas e a base 6.2 Publicación das subvencións concedidas, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2017, con data do 11.10.2017 notificouse ao solicitante e publicouse no taboleiro de editos do concello e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requirimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda.

Con data do 25.10.2017 e núm. de rexistro 170145582 a empresa Eimskip Logistics Spain, SL co CIF B36959807 presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación acreditativa da baixa voluntaria da traballadora pola que se solicitou a axuda con efecto desde o 13.10.2017 e a solicitude de "...optar a la parte proporcional de la subvención concedida".

Revisado o expediente 14161/77 a nome de Eimskip Logistics Spain, SL e a documentación aportada no documento 170145582 compróbase que ao abeiro do disposto na base 2<sup>a</sup>, apartados a.4.5 e a.5 e a base 5<sup>a</sup> a das bases reguladoras e convocatoria, ademais da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

–A empresa non achega a documentación requirida para a xustificación da subvención.

–A transformación da modalidade de contrato a indefinido realizouse o 25.01.2017 e a baixa da persoa traballadora produciuse o 13.10.2017 polo que o período desde a transformación da modalidade de contrato é inferior a un ano e incumpre a base 2<sup>a</sup>, apartado a.4.



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 03/05/2024 17:18           | Páxina 1 de 2 |
| SUBVENCIONS  | CSV: A9AC4D-C93332-BDD542-TZ64WK-MS8F5V-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |

–Ante a baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedeu a axuda non proceden segundo o establecido na base 2ª, apartado a.5 Alteración das condicións de concesión para a cobertura deste posto por unha nova persoa traballadora.

Ao non aportar a documentación necesaria para a xustificación da subvención concedida nin proceder á substitución da persoa traballadora que causou baixa, ademais de que o tempo transcorrido desde a transformación do contrato temporal en indefinido é inferior a un ano segundo establecen as bases reguladoras e a convocatoria procedeu instruír un expediente de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, en aplicación da base 5ª a, e a apertura do trámite de audiencia á interesada previo a súa proposta de resolución segundo consta no expediente 14161/77.

Transcorrido o prazo sen que a interesada presentase alegación algunha procede a revogación e a perda do dereito ao cobro da axuda outorgada.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Revogar a subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2017 coa correspondente perda do dereito ao cobro da axuda á empresa Eimskip Logistics Spain, SL co CIF B36959807 (expte. 14164/77), por incumprimento da base 2ª, apartados a.4.5 e a.5 e a base 5ª segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade vivesa para o ano 2017.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado.

**TERCEIRO.-** Proceder á anulación do documento de compromiso de gasto D 201700099322 correspondente.

**CUARTO.-** Contra a presente resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



|  |  |               |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo  | Data impresión: 03/05/2024 17:18           | Páxina 2 de 2 |
| SUBVENCIONS  | CSV: A9AC4D-C93332-BDD542-TZ64WK-MS8F5V-F1 |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |  |               |